

ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Cando correspondan a liquidacións que deban ser practicadas ou revisadas na delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, previamente ó seu ingreso, ou fosen extraviados ou inutilizados os documentos de ingreso.

c) Cando correspondan a declaracións-liquidacións ou autoliquidacións desde o vencemento do prazo de presentación das cales transcorrese máis dun mes, agás o disposto no parágrafo c) do número 1 do artigo 79 deste regulamento.

d) Cando se realicen ingresos parciais por se ter recorrido contra o resto da débeda, por se teren efectuado compensacións parciais ou por outras razóns legalmente admisibles.

e) Cando correspondan a ingresos en efectivo nas sucursais da Caixa Xeral de Depósitos.

f) Cando, debendo presentarse cunha etiqueta identificativa adherida, non cumpran este requisito.

g) Excepcionalmente, cando existan razóns xustificadas para admitir ingresos que deban producir efectos noutras delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

h) Nos demais casos en que así o estableza o Ministerio de Economía e Facenda.

2. Os ingresos realizaranse de luns a venres, excepto os días non laborables para a delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Os vencementos que coincidan cun sábado quedan trasladados ó primeiro día hábil seguinte.»

Segundo.

«Artigo 79. *Ingresos.*

1. Os debedores á Facenda Pública, teñan ou non contas abertas nas entidades colaboradoras, deberán ingresar nelas as seguintes débedas:

a) As que resulten de declaracións-liquidacións formuladas nos modelos regulamentariamente establecidos.

b) As notificadas ós obrigados ó pagamento como consecuencia de liquidacións practicadas pola Administración, tanto en período voluntario como en executiva.

c) As que correspondan a declaracións ou autoliquidacións para as que a presentación por vía telemática veña esixida pola normativa vixente, cando transcorrese máis dun mes desde o vencemento do prazo de presentación.

d) Calquera outra que determine o Ministerio de Economía e Facenda.

2. As entidades colaboradoras non se responsabilizarán da exactitude dos datos consignados polos contribuíntes, excepto da do número de identificación fiscal do declarante, e deberán admitirlos ingresos sen consideración do posible vencemento dos prazos de recadación.

3. Non obstante, non poderán ser admitidas polas entidades colaboradoras as seguintes operacións:

a) Os ingresos a que se refire o artigo 76 deste regulamento.

b) Os ingresos correspondentes a declaracións-liquidacións e documentos de ingreso respecto dos cales o Ministerio de Economía e Facenda establece que se deben presentar nas entidades colaboradoras cunha etiqueta adherida na que consten os datos identificativos dos obrigados ó pagamento, que non cumpran ese requisito.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3009 *REAL DECRETO 198/2000, do 11 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal. («BOE» 39, do 15-2-2000.)*

O Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, incorpora ó ordenamento xurídico interno a Directiva do Consello 90/642/CEE, do 27 de novembro, relativa á fixación de contidos máximos de residuos en determinados produtos de orixe vexetal, incluídas as froitas e hortalizas, incorporando así mesmo as Directivas 76/895/CEE, do 23 de novembro, relativa á fixación dos contidos máximos de residuos de praguicidas nas froitas e hortalizas, e 86/362/CEE, do 24 de xullo, relativa á fixación de contidos máximos para os residuos de praguicidas nos cereais.

A Directiva 97/41/CE, do Consello, do 25 de xuño, pola que se modifican as directivas 76/895/CEE, 86/362/CEE, 86/363/CEE e 90/642/CEE, relativas á fixación dos contidos máximos de residuos de praguicidas nas froitas e hortalizas, nos cereais, nos produtos alimenticios de orixe animal e en determinados produtos de orixe vexetal, incluídas as froitas e hortalizas, respectivamente, introduciu, nas citadas directivas, importantes novidades, a incorporación das cales require modifica-lo Real decreto 280/1994. Posteriormente, pola Directiva 1999/65, do 24 de xuño, sobre a mesma materia, rectificáronse os prazos de remisión de certos informes á Comisión Europea.

O presente real decreto, polo que se incorporan ó ordenamento xurídico interno a Directiva 97/41/CE, parcialmente, en canto afecta a produtos vexetais e produtos de orixe vexetal, e as rectificacións de prazos establecidos pola Directiva 1999/65/CE, dítase ó abeiro do disposto polo artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva no referente a bases e coordinación xeral da sanidade, e o artigo 40.2 da Lei xeral de sanidade.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados, foi sometido a informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria. Así mesmo, conta co informe favorable do Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2000,

DISPÕÑO :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro.*

Modifícase o Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, da forma seguinte:

1. Substitúese o número 2 do artigo 2 polo seguinte texto:

«2. Residuos de praguicidas: restos dos praguicidas así como os seus metabolitos e produtos de degradación ou de reacción que estean presentes nos produtos recollidos no artigo 3.»

2. Substitúese o número 3 do artigo 2 polo texto seguinte:

«3. Posta en circulación: toda transmisión a título oneroso ou gratuíto dos produtos relacionados no anexo I, unha vez colleitos. A importación en territorio nacional de tales produtos procedentes de terceiros países considerarase como posta en circulación para os efectos deste real decreto.»

3. Substitúese o número 1 do artigo 3 polo texto seguinte:

«1. O presente real decreto será de aplicación a:

a) Tódolos produtos vexetais que figuren nos grupos enumerados na primeira columna do anexo I, sempre que tales produtos comprendidos neses grupos ou as partes deles mencionadas na terceira columna do citado anexo poidan conter determinados residuos de praguicidas.

b) Os produtos do parágrafo a), cando estes fosen sometidos a procesos de desecación ou transformación ou cando fosen incorporados en alimentos compostos, na medida que poidan conter determinados residuos de praguicidas.

c) Sen prexuízo das súas regulacións específicas, ós preparados para lactantes e preparados de continuación, regulados polo Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, e ós alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, regulados polo Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, unicamente lles será de aplicación o establecido no número 4 do artigo 8 do presente real decreto. Estas disposicións resultarán de aplicación só ata que se establezan, conforme o disposto na normativa comunitaria, os contidos máximos de residuos de praguicidas para os citados produtos.»

4. Substitúese o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 3 polo texto seguinte:

«2. Aplicarase igualmente ós produtos referidos no número 1 destinados á exportación a terceiros países, excepto ós que sexan tratados previamente á exportación cando poida demostrarse de maneira suficiente:»

5. Substitúese o artigo 4 polo seguinte texto:

«Artigo 4. *Fixación de límites máximos de residuos.*

1. Os límites máximos para os contidos de residuos praguicidas nos produtos vexetais son os establecidos no anexo II. Atendendo ó seu ámbito de aplicación diferenciarase entre:

a) Nacionais, fixados pola Comisión Conxunta de Residuos de Productos Fitosanitarios de con-

formidade co artigo 4.3 da Regulamentación técnico-sanitaria dos praguicidas, aprobada por Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro.

b) Provisionais, fixados pola Comisión Conxunta de Residuos de Productos Fitosanitarios de conformidade co artigo 15.3.f), do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, ou ben establecidos para transposición ó ordenamento xurídico interno dos fixados por proposta doutros estados membros da Unión Europea, en aplicación do artigo 4.1.f) da Directiva 91/414/CEE, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios.

c) Comunitarios, establecidos como consecuencia de disposicións comunitarias, con excepción dos definidos no parágrafo d).

d) Comunitarios temporais, establecidos en aplicación das disposicións contidas no número 4 do artigo 8 do presente real decreto.

2. Ademais dos establecidos no anexo II, teñen a consideración de límites máximos de residuos:

a) Os fixados pola Comisión Conxunta de Residuos de Productos Fitosanitarios que non estean comprendidos no número 1, mentres se procede á súa inclusión no anexo II.

b) O límite de determinación do correspondente método analítico, para aqueles praguicidas de uso fitosanitario non autorizado en España que non figuren incluídos no anexo II e que non estean comprendidos no parágrafo a) anterior. En caso de existiren diferentes métodos analíticos, aplicarase o que teña o límite de determinación máis baixo, agás que se estableza un método oficial.

3. No caso de produtos desecados e transformados para os cales non se fixasen límites máximos específicos, aplicaranse os valores a que se refiren os números 1 e 2, tendo en conta a concentración ou dilución de residuos provocada polo procedemento de secado polo tratamento aplicado, mentres se establezan oficialmente os factores de concentración ou dilución para as correspondentes operacións de desecación ou transformación.

4. No caso de alimentos compostos para os cales non se establecesen expresamente límites máximos de residuos, aplicaranse os valores a que se refiren os números 1 e 2, tendo en conta as concentracións relativas dos ingredientes vexetais presentes na mestura e o previsto no número 3.»

6. No número 4 do artigo 5, substitúese a primeira liña pola seguinte:

«4. Os operadores comerciais e os produtores.»

7. Nos números 1 e 2 do artigo 6 a denominación «productos vexetais» substitúese por «productos comprendidos no número 1 do artigo 3».

8. O número 3 do artigo 6 substitúese polo seguinte texto:

«3. As inspeccións e os controis necesarios efectuaranse de conformidade co Real decreto 50/1993, do 15 de xaneiro, polo que se regula o control oficial de produtos alimenticios, con excepción do establecido no número 2 do seu artigo 5 e no seu artigo 9, e o Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial de produtos alimenticios, con excepción do establecido nos seus artigos 5, 6 e 7, e de acordo coas normas

relativas ó control dos residuos en produtos alimenticios de orixe vexetal. Os métodos de mostraxe para efectuarlos controis previstos nos programas que se establezan serán os especificados no anexo III.»

9. Inclúese no artigo 6 o novo número 5 seguinte:

«5. Para efectos de garanti-la execución dos programas coordinados comunitarios e o intercambio de información establecidos polas directivas 76/895/CEE, 86/362/CEE, 90/642/CEE, 89/397/CEE e 93/99/CEE, as comunidades autónomas deberán:

a) Elaborar os plans de vixilancia para cumprimento do establecido nos números 1 e 2 tendo en conta as indicacións relativas á execución dos ditos programas comunitarios que lles serán transmitidos respectivamente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e polo Ministerio de Sanidade e Consumo. Antes do 1 de xullo de cada ano deberán remitir-lles ós ditos ministerios os respectivos plans para o ano seguinte para a elaboración e remisión das previsións de programas nacionais á Comisión Europea antes do 30 de setembro.

b) Remitir-lles ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ó de Sanidade e Consumo, respectivamente, antes do 1 de xuño de cada ano, os resultados das análises das mostras tomadas durante o ano anterior na execución dos programas referidos nos números 1 e 2, para efectos da elaboración e remisión dos correspondentes informes á Comisión Europea antes do 31 de agosto.»

10. Os números 1, 2 e 3 do artigo 8 substitúense polos números 1 e 2 seguintes:

«1. Sen prexuízo do establecido no Real decreto 1418/1986, do 13 de xuño, sobre funcións do Ministerio de Sanidade e Consumo en materia de sanidade exterior, a execución e desenvolvemento do establecido no presente real decreto no que respecta ós intercambios con terceiros países, incluída a designación dos axentes encargados da toma de mostras nos puntos de entrada, é competencia do Ministerio de Sanidade e Consumo, tanto se trate de vexetais como dos seus transformados e de alimentos compostos.

2. As relacións coa Comisión Europea, a través das canles correspondentes, e en particular, a elaboración e remisión dos preceptivos informes, corresponden:

a) Al Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no que concirne ó cumprimento das directivas 76/895/CEE, 86/362/CEE e 90/642/CEE.

b) O Ministerio de Sanidade e Consumo, no que concirne ás directivas 89/397/CEE e 93/99/CEE.»

11. O número 4 queda como número 3 e inclúese o número 4 seguinte:

4. Sen prexuízo do establecido no número 3, cando se trate de produtos orixinais doutro estado membro da Unión Europea, con contidos en residuos de produtos fitosanitarios que excedan dos límites máximos de residuos nacionais, aínda non harmonizados a nivel comunitario, deberase actuar na forma seguinte:

a) As comunidades autónomas notificaránlle inmediatamente os feitos á Dirección Xeral de Saúde Pública a cal, nun prazo de 20 días desde a

adopción das medidas pola comunidade autónoma, comunicará os feitos ocorridos á autoridade competente do estado membro de orixe das mercadorías interceptadas conforme o parágrafo segundo do número 5, informándoa dos motivos e das medidas adoptadas. Así mesmo trasladará esta información á Dirección Xeral de Agricultura.

b) En caso de que a autoridade competente do estado membro de orixe invoque a legalidade da comercialización, de conformidade cos límites máximos de residuos alí establecidos, e achegue a documentación xustificativa deles, someterase á Comisión Conxunta de Residuos de Productos Fitosanitarios, se é posible, unha proposta de fixación dun novo límite máximo de residuos.

c) Se o acordo da Comisión Conxunta de Residuos de Productos Fitosanitarios, que debe producirse nun prazo de tres meses contados desde o momento en que se iniciou o conflito, é favorable á fixación dun novo límite máximo de residuos, o director xeral de Saúde Pública procederá a comunicarllo inmediatamente á Autoridade competente do dito estado membro, e á Comunidade Autónoma onde se desencadeasen os feitos, para que se suspendan as medidas adoptadas. O director xeral de Agricultura deberá informar dos feitos ocorridos, incluída a adopción do dito límite, á Comisión Europea para coñecemento do Comité Fitosanitario Permanente.

d) Se, pola contra, o resultado é desfavorable, non se adoptarán decisións respecto da destrución de mercadorías, ata que se produza a correspondente decisión posterior da Comisión Europea. En caso de que nesta decisión se estableza un límite comunitario temporal para os ditos residuos, deberanse suspender inmediatamente as medidas adoptadas.»

12. A disposición adicional única pasa a ser disposición adicional primeira.

13. Engádese unha disposición adicional segunda co seguinte texto:

«Disposición adicional segunda. *Notificación á Comunidade Europea.*

As disposicións en materia de notificación á Comisión Europea establecidas polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, non son aplicables:

a) Cando se trate de límites máximos de residuos de substancias activas novas; neste caso o procedemento de notificación á Comisión Europea será o establecido polo Real decreto 2163/1994.

b) Cando se trate de límites máximos de residuos comunitarios temporais neste caso o procedemento de notificación á Comisión Europea será o establecido no artigo 8 do presente real decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ